

## PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

### 1.- OBXECTO DO CONTRATO.

O presente contrato ten por obxecto a contratación do servizo de *Seguros de Accidentes Colectivos* para o Persoal ao Servizo do Concello de Ames que se describe a continuación, de acordo coas necesidades que se expoñen e que se definen nos Pregos de Prescricións Técnicas, con efectos dende o 1 de outubro de 2015 e que garantan o pago dos capitais que se establecen polas garantías contratadas para cada un dos diferentes grupos de risco asegurados

A póliza asegurará aos seguintes grupos de risco:

- Empregados municipais ( persoal laboral e funcionario)
- Concelleiros/as
- Persoal voluntario
- Profesorado de escolas infantís de titularidade municipal
- Alumnado de escolas infantís de titularidade municipal

A súa codificación no Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), aprobado polo Regulamento (CE) 213/2008, da Comisión de 28 de novembro de 2007, polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV) é o seguinte:

- 66512100 Servizos de Seguros de Accidentes

A póliza deberá cumprir as condicións mínimas que se establecen no Prego de Prescricións Técnicas, sen prexuízo das melloras que se oferten polos licitadores.

### 2.- RÉXIMEN XURIDICO

O presente contrato é de carácter privado e rexerese, de conformidade co artigo 20 do TRLCSP, en canto a súa preparación e adxudicación polo TRLCSP e disposición de desenvolvemento e supletoriamente polas restantes normas de dereito administrativo e en canto aos seus efectos e extinción polas normas de dereito privado.

Se trata dun contrato privado tal e como resulta do artigo 20 do TRLCSP .

Mais concretamente en canto aos seus efectos e extinción rexerese pola seguinte normativa de dereito privado:

- Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contrato de Seguro
- Lei 26/2006, de 17 de xullo, de Mediación de Seguros e Reaseguros Privados.
- Real Decreto 996/2000, de 2 de xuño, de Modificación dos regulamentos de Ordenación do Seguro Privado e Entidades de Previsión Social.
- Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Ordenación e Supervisión dos seguros privados
- Lei 34/2003, de 4 de novembro, de Modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados.
- Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión de Seguros Privados, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro.

O contrato que resulte do procedemento de licitación axustarase ao contido do presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, que se considerarán parte integrante do contrato o cal non eximirá ao contratista da obriga de cumprimento do contrato. O descoñecemento deste en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole promulgadas pola Administración, non eximirán do seu cumprimento.

### 3.- ORGANO DE CONTRATACIÓN

En virtude do decreto de delegación 926/2015 de 17 de xuño de 2015, o órgano de contratación, que actúa en nome do Concello de Ames é a Xunta de Goberno Local.

O orzamento máximo de licitación para o citado órgano que ten a facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos a que este respecto se diten serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente

### 4.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente ao amparo do establecido nos artigos 157 e 161 do TRLCSP.

A tramitación urxente do contrato, de conformidade co artigo 112.2 b) do TRLCSP implica a redución á metade dos prazos de licitación, adxudicación e formalización.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

O contrato non está suxeito a regulación harmonizada nos termos previstos no artigo 16 do TRLCSP.

O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do contratante do Concello de Ames, (artigos, 142 e 53 do TRLCSP).

### 5) DURACIÓN DO CONTRATO.-

A duración do contrato será de **DOUS ANOS**, dando comezo o 1 de outubro de 2015 podendo prorrogarse de maneira expresa por períodos anuais ata un máximo de **CATRO ANOS**, (incluído período inicial e prorrogas), de conformidade co estipulado no artigo 22 da Lei 50/1980 de 8 de outubro de Contrato de Seguro.

A duración do contrato é única, sen prexuízo da eventuais causas de resolución ou rescisión que legalmente poidan concorrer ou das prorrogas que se poidan acordar.

Non obstante, as primas presentadas serán ofertadas para unha duración anual.

No suposto de que o contrato non se prorrogue por algunha das partes, e en tanto non se resolva a nova licitación pública que ao efecto se convoque, a entidade aseguradora adxudicataria quedará obrigada a prorrogar, si o Tomador así o solicitara, os correspondentes contratos de seguro en vigor por un período de tempo máximo de 6 meses, coas mesmas condicións de taxa e cobertura (proporcionalmente ao tempo prorrogado) aos efectos de non prexudicar o normal funcionamento dos servizos públicos municipais.

### 6) PRESUPOSTO DO CONTRATO E TIPO DE LICITACION.-

O orzamento máximo do presente contrato para os catro anos é de **36.000 euros** (exento IVE de conformidade co artigo 20 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido), co desglose que se detalla a continuación e con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias.

O presuposto máximo de licitación para cada colectivo é o seguinte:

CONCEPTO	ORZAMENTO MÁXIMO ANUAL POR COLECTIVO	VALOR TOTAL DO CONTRATO (4 ANOS)	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS
----------	--------------------------------------	----------------------------------	---------------------------

Accidentes Concelleiros e Persoal Municipal	6.150,00 €	24.600,00 €	912.16205, 920.16205
Accidentes profesorado garderías	1.000,00 €	4.000,00 €	326.16205 e 327.16205
Accidentes voluntarios	400,00 €	1.600,00 €	231.22400
Accidentes alumnado garderías	1.450,00 €	5.800,00 €	326.22400 e 327.22400
<b>TOTAL</b>	<b>9.000,00 €</b>	<b>36.000,00 €</b>	

Entenderase que o importe de cada oferta é o prezo total, incluídos todos os gastos que a empresa debe realizar para o cumprimento das prestacións contratadas e, especialmente, taxas e toda clase de tributos non expresamente repercutibles como partida independente (Imposto sobre Primas de Seguros, Consorcio...) , así como os que puideran establecerse durante a vixencia do contrato, de conformidade co artigo 87 do RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, que aproba o TRLCSP.

No prezo do contrato inclúense as retribucións de todo o persoal que o adxudicatario poida contratar pola súa conta, seguros sociais e previsión, transportes, desprazamentos, materiais e instrumentos empregados, e en xeral, cantos gastos deba desenvolver a empresa para o cumprimento das obrigas contratadas.

## 7) FINANCIAMENTO.-

O financiamento deste contrato levarase a cabo do seguinte xeito:

- EXERCICIO 2015: Con cargo ás aplicacións orzamentarias 912.16205, 920.16205 326.16205 e 327.16205 231.22400 326.22400 e 327.22400 do vixente orzamento, prorrogado do 2012 para o exercicio 2015.
- EXERCICIOS 2016, 2017 e 2018: Con cargo ás mesmas aplicacións orzamentarias de ditos exercicios, quedando condicionado o gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato.

De acordo co previsto no artigo 79.2 do Real decreto 500/90, de 2 de abril, a autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual se subordinarán ao crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos. En consecuencia, a adxudicación do presente contrato queda condicionada, no que se refire á anualidade do 2015, á inclusión no orzamento da correspondente consignación, axeitada e suficiente, para facer fronte aos gastos derivados do mesmo en dito exercicio.

A eficacia do contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións do contrato no exercicio correspondente.

Este prezo engloba o importe total dos servizos que nel enténdense incluídos todos os gastos que o adxudicatario deba realizar para o normal desenvolvemento das prestacións contratadas de acordo cos pregos.

Os prezos ofertados polos licitadores serán a baixa e non poderán, en ningún caso, exceder do importe do presuposto base de licitación. Rechazaranse as proposicións económicas que excedan de ditas cantidades

O presuposto máximo do contrato queda fixado en **36.000,00 euros** (exento IVE de conformidade co artigo 20 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido).

Resulta acreditada a plena dispoñibilidade das achegas que permiten financiar o contrato.

## 8) REVISION DE PREZOS.-

De acordo coa Disposición Adicional 88 da Lei 22/2013 de 23 de decembro **non se prevé a revisión de prezos** de acordo coa obriga de conter o déficit que se desprende da

normativa que impón o equilibrio presupostario, como a LO 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira, en conexión cos principios de prezo certo do contrato e asunción polo contratista do risco e ventura, polo que non se poderá modificar a taxa aplicable, que virá especificamente recollida na póliza.

Non obstante, a partir de outubro de 2016, a compañía aseguradora en acordo co concello poderá **establecer unha regulación de prima** que se baseará en criterios obxectivos baseados na modificación das circunstancias concretas dos riscos asegurados segundo a natureza de cada contrato, e que serán os seguintes:

Para o seguro de Accidentes Colectivos	Variación do número de persoas do colectivo asegurado (altas e baixas).
--	---

Esta regularización en ningún caso se considerará revisión de prezo, senón actualización de prima, xa que non se produce unha modificación algunha na taxa de prima a aplicar.

## 9) PAGO DA PRIMA

Os pagos efectuaranse anualmente, previa presentación de factura ou recibo que se detallará o máximo posible por colectivos e que se presentará no Concello de Ames mediante a utilización do sistema de facturación electrónica, e que para o seu abono deberá contar co visto e prace do/os responsable/es do contrato.

A administración aboará o prezo ou a prima correspondente nos prazos establecidos e de acordo co disposto no artigo 216 do TRCLSP, con cargo á correspondente aplicación orzamentaria.

A demora no pago do prezo por parte da Administración producirá as consecuencias que se establecen no artigo 216 do TRCLSP de conformidade co disposto na Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

No obstante, con independencia do momento do pago da prima, o asegurador quedará obrigado ao pago das indemnizacións polos sinistros que se producisen no período de vixencia do seguro, manténdose en vigor todas as coberturas do contrato.

## 10) MEDIACIÓN E ADMINISTRACIÓN DO CONTRATO

A administración e mediación do contrato que se subscriba levarase a cabo por “**BVC Artai S.A – Correduría de Seguros**”, actual mediador de Seguros do Concello Ames, por Acordo da Xunta de Goberno Local do 28 de xullo de 2014 polo que se acordou a adxudicación por procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa e, varios criterios de adxudicación do servizo denominado *Asesoramento e Mediación de Seguros no Concello de Ames*.

Todos os trámites, avisos e notificacións que se deriven do contrato serán cursados polo Tomador do Seguro ao asegurador a través da correduría, debéndose seguir o mesmo procedemento na tramitación de sinistros, así como as notificacións relativas ás modificacións nas sumas aseguradas ou aos riscos cubertos.

## 11) CAPACIDAD PARA CONTRATAR

Poderán presentar ofertas, por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRCLSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

De conformidade co establecido no artigo 65.1 do TRCLSP, non é requisito para concurrir ao procedemento licitatorio que o empresario se atope clasificado.

### **11.1 A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:**

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas, mediante escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu

caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo ca lexislación do estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo cas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión diplomática permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

### **11.2 A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do TRLCSP poderá realizarse:**

a) Mediante testimonio xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade esté prevista na lexislación do estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante autoridade xudicial.

### **11.3. A solvencia do empresario:**

1) A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse polo seguinte medio:

a) Mediante unha declaración sobre o volume global de negocios referido aos últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida na que se dispoña das referencias de dito volume de negocios. Reputarase solvente o licitador que declare unha cifra de negocios global igual ou superior ao presuposto de licitación

b) Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais por un capital equivalente ao de presuposto de licitación.

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario se efectuará no momento oportuno mediante a achega dos certificados e documentos que para cada caso se determinen regulamentariamente. En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das administracións públicas acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do reflexado en dito rexistro e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

2) A solvencia técnica ou profesional dos empresarios acreditarase polos seguintes medios:

Unha relación detallada (axustada ao cadro-modelo que se reflexa a continuación) dos principais servizos efectuados nos últimos 5 anos con características e dimensións similares ao servizo que se licita, que incluírá importe, datas e destinatarios públicos ou privados e número de usuarios.

Só se terán en conta aos efectos de acreditar a solvencia os servizos ou traballos relacionados co obxecto da presente contratación, que aparezan relacionados

Para os efectos da valoración da súa relación ou non co correspondente á contratación, deberán estar correctamente identificados os respectivos obxectos dos servizos ou traballos referidos que deben gardar relación co obxecto do contrato.

Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, cando o

destinatario sexa un suxeito privado acreditarase mediante unha declaración expedida polo empresario.

<b>Relación dos servizos efectuados nos últimos anos, acompañados de certificados de boa execución ou no seu caso declaración do empresario</b>				
Denominación e obxecto	Importe	Data de finalización da execución (día/mes/ano)	Destinatario	Número de usuarios

Aos efectos anteriores, deberá terse en conta que o Concello de Ames ten subscrito a día de hoxe un contrato de mediación de seguros coa correduría de seguros “BVC Artai S.A – Correduría de seguros” con CIF: A-36768257.

## **12.- UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESAS**

A Administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

A estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberá acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose a efectos de determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma, sen prexuízo do que para a clasificación se establece no artigo 67 da TRLCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizala mesma en escritura pública, así como presentar o CIF da unión temporal, todo isto dentro do prazo de quince días seguintes ó da data na que reciba a notificación de adxudicación, e a duración da mesma será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unión temporal, quedarán obrigados solidariamente ante a Administración.

## **13.- ANUNCIO E PERFIL DO CONTRATANTE**

Ó tratarse dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, o procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente ao que se refire o presente prego, anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contratante (art. 142 e 53 do TRLCSP).

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través da páxina web municipal [www.concellodeames.org](http://www.concellodeames.org), e dentro da mesma, no perfil do contratante, de conformidade co disposto nos artigos 53, 141, 142, 151, 154 da TRLCSP

## **14.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓNS**

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ames, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRX-PAC) dentro do prazo de **oito días naturais** que empezarán a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP (art. 159 do TRLCSP), de nove a catorce horas e en tres sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou pola persoa que o represente e coa documentación e requisitos dos presentes pregos.

No caso de que o último día do prazo de presentación de ofertas coincida en domingo ou festivo; prorrogarase ata o día hábil inmediatamente seguinte.

No suposto de que as proposicións se envíen por correo deberán efectuarse de maneira urxente, debendo o licitador xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telegrama o fax (981.884.929) no mesmo día. Consignándose o título completo do obxecto do contrato e nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non se admitirá a proposición se é recibida polo órgano de contratación despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, co fin de non dilatar o acto de apertura de Plicas e a adxudicación do contrato.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente prego e vincula ao licitador coa Administración e presume por parte de dito licitador a aceptación incondicional, sen salvedade nin reserva algunha, das cláusulas e condicións deste prego, así coma da declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

Unha vez presentada unha proposición non poderá ser retirada baixo ningún pretexto.

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garanten tal carácter ata o momento en que se proceda a apertura en público das mesmas.

## **15.- EMPRESAS PROPOÑENTES, DOCUMENTACIÓN E OFERTAS**

### **15.1.- Empresas licitadoras.**

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, requisito este último que será substituído pola correspondente clasificación nos casos que sexa esixible polo TRLCSP, para o caso de empresas españolas.

No suposto de persoas xurídicas dominantes dun grupo de sociedades, poderase ter en conta ás sociedades pertencentes ao grupo, a efectos de acreditación da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, ou da correspondente clasificación, no seu caso, da persoa xurídica dominante, sempre e cando éste acredite que ten efectivamente a súa disposición os medios de ditas sociedades necesarios para a execución dos contratos.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberán acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar no documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato ostentará a plena representación de todos eles fronte á Administración e que asumen o compromiso de constituírse en Unión Temporal de Empresas ( artigo 24 do R.G.L.A.C.P.). O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste Prego e a declaración responsable de quen reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

### **15.2.- Documentación.**

Os licitadores presentarán tres sobres pechados e asinados por él mesmo ou persoa que



o represente, nos que se indicarán ademais da razón social e denominación da entidade participante, o título do procedemento licitatorio: Proposición para tomar parte no procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente para a contratación do servizo de Seguros de Accidentes Colectivos do Concello de Ames e conterán o primeiro (A) denominado "**Documentación administrativa**" esixida para tomar parte no concurso, consonte ao Anexo II, o segundo (B) denominado "**Referencias Técnicas**" (Anexo III) e o terceiro (C) "**Proposición Económica**" axustada ao modelo que se inclúe neste Prego (Anexo IV).

## **16.- PROPOSICIONS: DOCUMENTACION**

### **16.1.-Sobre A, denominado "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA"**

No anverso do sobre, onde constará a sinatura do licitador ou persoa que o represente, figurará o seguinte: "*Documentación administrativa para a contratación mediante procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente do contrato de servizos de Seguros de Accidentes Colectivos do Concello de Ames, e, presentada por..... (nome ou denominación social, identificación fiscal, domicilio e teléfono)*".

Dito sobre conterá unha **Declaración responsable, consonte ao Anexo II** suscrito polo licitador ou o seu representante, e no que este recoñeza baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos de capacidade, representación e solvencia precisos para participar nesta licitación, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo sinalado a tal efecto na normativa reguladora de contratos do sector público.

De acordo co artigo 146.4 e 151.2 do TRLCSP, dita documentación deberá achegarse **UNICAMENTE** polo licitador a cuxo favor recaía a proposta de adxudicación, debendo acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos que se sinalan na cláusula.

Asemade deberá achegar unha **declaración acreditativa que conteña os datos identificativos do licitador**, na que se indicará o nome do representante, DNI, CIF da empresa, enderezo, nº teléfono, nº fax e correo electrónico do empresario e/ou do seu representante, se é o caso, para as comunicacións con este Concello.

O empresario, ao presentar a súa oferta da o seu consentimento ás formas de comunicación citadas no parágrafo anterior.

### **16.2. SOBRE B: Subtitulado "REFERENCIAS TÉCNICAS"**

No anverso de cada un dos sobres "B" presentados figurará a mención "*Referencias Técnicas para a contratación, mediante procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente do contrato servizos de Seguros de Accidentes Colectivo*" do Concello de Ames, presentada por ..... (nome ou denominación social, domicilio e teléfono)".

Cada licitador presentará un sobre "B" que conterá o modelo de Proposición Técnica que integran o obxecto do presente contrato, que se fará conforme ao modelo que figuran no Anexo III deste prego.

No suposto de non facelo así, e para o caso de que, abertos en acto público os sobres "B", observase que algunha entidade incluíu nun mesmo sobre Referencias Técnicas outro tipo de información, excluírase á aseguradora do proceso de licitación.

Dentro destes sobres incluírase a documentación que permita a aplicación da valoración dos criterios que precisan dun xuízo de valor.

Para a valoración das proposicións outorgarase a puntuación que se establece tal e como aparece reflectido na cláusula 19.6 "Criterios de valoración do presente Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares".

### **16.3. SOBRE C: Subtitulado "OFERTA ECONÓMICA"**



No anverso dos Sobres “C” figurará a mención “Oferta Económica para a contratación, mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa, varios criterios de adjudicación e tramitación urxente do contrato de servizos de Seguros de Accidentes Colectivos do Concello de Ames”, presentada por ..... (nome ou denominación social, domicilio e teléfono).

Cada licitador presentará un sobre “C” que conterán as Proposicións Económicas anuais que integran o obxecto do presente contrato formulada en letra e número, conforme ao modelo que figuran no Anexo IV deste prego.

O licitador comprométese a manter o seu/s oferta/s por un prazo mínimo de tres meses a contar desde a apertura das proposicións.

Para a valoración das proposicións outorgarase a puntuación que aparece reflectido na cláusula 19.6 “Criterios de valoración do presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

O empresario que licite en unión temporal con outros empresarios non poderá, a súa vez, presentar proposicións individualmente, nin figurar en mais dunha unión temporal participante na licitación. O incumprimento desta prohibición dará lugar a non admisión de todas as proposicións por él subscritas (art. 145.3 TRLCSP)

### **Confidencialidade**

Os licitadores enumerarán de modo expreso e claro aqueles documentos que consideren que, polo seu contido, serán reservados por razóns dos intereses comerciais ou de salvagarda da competencia. De non conter ningunha especificación, entenderase que o licitador considera que ningún dos documentos presentados merece aquela reserva polo seu contido.

## **17.- DOCUMENTOS: Orixinais e Copias**

**17.1.** - Os documentos que acompañen ás proposicións serán orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou polo funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

**17.2.** - Devolución da documentación. - A documentación presentada polas empresas que non resultasen adjudicatarias poderá retirarse por estas unha vez transcorridos tres meses naturais contados desde o día seguinte á notificación da resolución da adjudicación definitiva ás persoas participantes e durante o prazo de trinta días naturais, salvo que a Administración considere oportuno retela no suposto de que se interpuxesen reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa.

Unha vez transcorrido o prazo para retirar a documentación, a Administración disporá da que non fose retirada polos licitadores, quedando exenta de toda responsabilidade sobre esta.

**17.3.-** Retirada ou destrución da documentación presentada.- Unha vez expirado o prazo para recurrir a adjudicación definitiva, toda a documentación das ofertas que non resulten adjudicatarias, a excepción do modelo da oferta económica, devolverase aos licitadores que o soliciten, sendo a súa costa os gastos que este devolución poida supoñer.

Transcorridos seis meses dende a adjudicación do contrato sen que se proceda a retirar dita documentación, será destruída polo Concello para o seu posterior reciclado, a excepción dos documentos xustificativos, en caso de que se esixira, da garantía provisional, que se conservarán para a súa entrega aos interesados.

## **18.- GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA**

Garantía provisional: En consonancia co disposto no art. 103 da TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

Garantía definitiva: O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa

deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido. Esta garantía poderá prestarse nalgunha das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

A garantía non se devolverá ou se cancelará ata que se produza o vencemento do prazo de garantía, se é o caso, e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

## **19.- APERTURA DE Plicas E ADXUDICACIÓN**

### **19.1.- Cualificación dos documentos:**

A composición da mesa de contratación será designada polo órgano de contratación, artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e Disposición Adicional Segunda do TRLCSP.

A súa composición publicárase posteriormente no perfil do perfil do contratante do órgano de contratación correspondente, cunha antelación mínima de 4 días con respecto á reunión que se celebre para a cualificación da documentación

De ser o caso, o órgano de contratación quedará facultado para solicitar o asesoramento dun ou varios expertos especializados na materia obxecto do contrato.

### **19.2.- Fases**

Polo que respecta á cualificación da documentación presentada (defectos ou omisións emendables, rexeitamento de proposicións e demais actuacións da Mesa de Contratación), estarase ao disposto nos artigos 112 e 160 da TRLCSP.

#### **18.3.- Procedemento de Apertura de Plicas e Oferta**

##### **a) Apertura do Sobre A denominado “Documentación Administrativa”**

Constituída a mesa de contratación na data sinalada, o presidente procederá á cualificación da documentación presentada polos licitadores segundo establece o artigo 146 do TRLCSP que conterá as proposicións tal e como sinala o artigo 160 do citado texto legal.

##### **b) Apertura do Sobre B criterios de adxudicación avaliábles mediante criterios subxectivos denominado “Referencias Técnicas”**

De acordo co previsto no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, a apertura do “Sobre B” farase nun acto de carácter público, nun prazo **non superior aos sete días** dende a apertura da documentación administrativa á que se refire o artigo 146 do TRLCSP, convocando aos licitadores que resultaran admitidos na apertura dos “Sobres A” exclusivamente, cunha **antelación mínima de dous días** a través dun anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

Celebrarase no lugar, día e hora que se sinala no Perfil do Contratante.

Previamente, o presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados nos “Sobres A”, con indicación das proposicións admitidas, das rechazadas e da causa/s da non admisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rechazadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato, e os sobres que as conteñan non se poderán abrir.

Antes da apertura da primeira proposición convidáraselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que nese momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

A continuación procederase ao acto de apertura dos referidos “Sobres B”, e previa lectura do contido de cada un deles.

Recibido informe de valoración emitido polo departamento competente na materia fixarase a data e lugar no que se levará a cabo a apertura do acto público do “Sobre C”, convocando aos licitadores cunha antelación mínima de dous días, a través dun anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

c) Apertura do Sobre C criterios obxectivos de valoración, denominado “Proposición Económica”.

A mesa de contratación procederá, en acto público, a apertura dos “Sobres C” (Oferta económica) de aqueles licitadores que resultaran admitidos na apertura dos “Sobres B”, exclusivamente.

Celebrarase no lugar, día e hora que se sinale no Perfil do Contratante.

Previamente, o presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados nos “Sobres B”, con indicación das proposicións admitidas, das rechazadas e da causa/s da non admisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rechazadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato, e os sobres que as conteñan non se poderán abrir.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que nese momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

A continuación, o secretario da mesa procederá á apertura do “Sobre C” dos licitadores admitidos, dando lectura á oferta económica. Concluída a apertura das proposicións, o presidente da mesa invitará de novo aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado.

Posteriormente, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento deixarase constancia na acta da reunión da mesa.

**19.3.- Defectos ou omisións subsanables:**

Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, comunicaráselle verbalmente e mediante fax ou correo electrónico aos interesados, concedéndose un prazo, non superior a **tres días hábiles**, para que os licitadores corrixan ou subsanen ante a propia Mesa de Contratación (Art.81.2 do RXLCAP).

**19.4.- Rexeitamento de proposicións.-**

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa, en resolución motivada.

A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ó valor económico da mesma, ou declarar deserto o concurso, motivando en todo caso a súa resolución con referencia ós criterios de adxudicación do concurso que figuran no presente prego.

**19.5 Solicitud de informes**

O órgano de contratación, conforme ao artigo 151 do TRLCSP clasificará, por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación

senalados no prego ou no anuncio, podendo solicitar para iso cantos informes técnicos estimen pertinentes.

### **19.6.- Criterios de valoración**

Os criterios de adxudicación do procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente son os seguintes:

<b>Criterios</b>	<b>Puntos</b>
1. Prima Total	60 puntos
2. Mellora en límites	20 puntos
3. Extensión da cobertura á vida privada (*1)	10 puntos
4. Mellora no límite de invalidez (*2)	10 puntos
<b>Puntuación máxima</b>	<b>100 puntos</b>

(\*1) Esta mellora só afectará ao Seguro Colectivo de Accidentes para o Persoal Laboral Funcionario do Concello, o Alcalde e Concelleiros e ao Seguro Colectivo de Accidentes de Convenio aos empregados de Centros de Asistencia e Educación Infantil (BOE nº 136 de 07-06-2007) mais ao Seguro Complementario de Accidentes a Persoal de Centros de Asistencia e Educación Infantil (Aumento de Límites para asimilalos ao resto de funcionarios).

(\*2) Esta mellora só afectará ao Seguro Colectivo de Accidentes para os nenos/as de Garderías e Voluntarios do Concello de Ames.

#### **1) Criterios Obxectivos:**

##### **1. Prima Total, ata un máximo de 60 puntos**

Valorarase de **0 a 60 puntos**, outorgándose a máxima puntuación á oferta económica que presente a maior porcentaxe de baixa sobre o presuposto de licitación. As restantes ofertas valoraranse de xeito proporcional.

corresponder ao criterio “prezo”, traducíndose isto nun aforro de custes.

#### **2) Criterios Subxectivos:**

##### **1. Melloras en límites, ata un máximo de 20 puntos.**

**2. Extensión da cobertura á vida privada, (só aplicable ao persoal laboral e funcionario do concello, alcalde, concelleiros, empregados dos centros de Asistencia e Educación Infantil) ata un máximo de 10 puntos.**

**3. Mellora no límite de Invalidez, (só aplicable aos colectivos de nenos/as de garderías e voluntarios/as) ata un máximo de 10 puntos.**

### **19.7.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados (Baixa Temeraria).**

Será de aplicación o establecido no artigo 152 do TRLCSP. Os criterios para apreciar as ofertas anormais ou desproporcionadas estableceranse de conformidade ao disposto no artigo 85 do RXLCAP.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá darse audiencia ao licitador que a presentara para que xustifique a valoración da oferta e precise as súas condicións; en particular no referido ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado. No procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondente.

A efectos do establecido no artigo 85.6 do TRLCSP, para a valoración das ofertas como desproporcionadas, a mesa de contratación poderá considerar a relación entre a solvencia económica e financeira da empresa e a oferta presentada, sempre e cando o seu volume anual medio de negocios nos últimos exercicios sexa, cando menos, superior en sete veces á anualidade do contrato ou, de non ser este plurianual, ao orzamento de

licitación.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado anterior, estimase que a oferta non pode cumprirse como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, acordará a adxudicación a favor da seguinte proposición economicamente máis vantaxosa (de acordo coa orde en que fosen clasificadas) que se estime pode ser cumprida a satisfacción da Administración e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada.

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores discapacitados (non inferior ó 2%), ou aquelas empresas adicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, de acordo co establecido na Disposición Adicional 4º do TRLCSP.

### **19.8.- Renuncia:**

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración, de tal xeito que a renuncia á adxudicación do contrato, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a modo de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da mesa de contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) o inicio e execución do contrato, etc.), faculta á Corporación a que proceda á incautación da garantía provisional ou no seu caso a definitiva, sen prexuízo da esixencia da indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP

A renuncia do licitador incurso en baixa temeraria, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa temeraria dentro do prazo concedido pola Administración, terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

No caso de que a administración non acordara a adxudicación no prazo de dous meses a contar dende a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición de conformidade co disposto no art. 161.4 da TRLCSP

## **20.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, ADXUDICACIÓN DO CONTRATO, PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS POLO LICITADOR E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN.**

**20.1.** O órgano de contratación conforme ó artigo 151 do TRLCSP clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para iso cuantos informes técnicos estime pertinentes.

**20.2.** O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de **cinco días hábiles** a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación acreditativa da capacidade, aptitude, representación e solvencia, en orixinal ou copia compulsada, do declarado previamente, e outra documentación relativa ao cumprimento dos requisitos previos.

### **A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario**

**A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa, debidamente compulsada.**

#### **A-2) Persoas xurídicas:**

- Escritura de constitución ou modificación no seu caso debidamente compulsada, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose

esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

### **A-3) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea**

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

### **A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega)**

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (disposición adicional 14 TRLCSP).

### **A-5) Demais empresas estranxeiras**

- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante un informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

### **A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.**

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e da TRLCSP)

### **A-7) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España**

De acordo co art. 55.2 da TRLCSP, non se esixe dado que non se trata dun contrato de obras.

## **B) Poderes**

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse dun poder notarial para representar á persoa ou á entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

## **C) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades**

Declaración responsable de que a empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 da TRLCSP, axustado ao modelo que se transcribe a continuación.

A declaración incluírá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e o feito de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito debe de presentarse antes da adxudicación polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta, axúntase modelo,

"D/Dª..... con  
DNI..... e domicilio  
en..... actuando en nome e  
representación da empresa..... con domicilio  
en..... e CIF..... á que representa no procedemento  
de adxudicación do contrato denominado "....."  
(ou actuando en nome propio).

**DECLARA**

*Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art. 60 do TRLCSP.*

*Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames.*

*(Lugar, data e sinatura do proponente)"*

#### **D) Acreditación da clasificación**

Ao non encadrarse nunha categoría, grupo e subgrupo non se esixe.

#### **E) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica**

Os licitadores deberán

**E.1.** - Acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire a 11.3.1 deste prego

**E.2.** - Acreditar a solvencia técnica mediante calquera dos medios a que se refire a 11.3.2 deste prego

#### **F) Unións temporais de empresas**

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 da TRLCSP e cláusula 10 do presente prego.

#### **G) Declaración de empresas vinculadas**

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 da TRLCSP, presentarse necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

#### **H) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:**



Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas, acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o artigo 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Excm. Deputación Provincial da Coruña ou Rexistro/s similares, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou simple referencia ao número de inscrición no Rexistro, e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm.64 con data do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos nos apartados A), B), C), D) E) e F), sempre que os citados documentos estean vixentes.

**I) Documentación acreditativa de estar en posesión da autorización da Dirección Xeral de Seguros para operar como Entidade Aseguradora.**

**L) Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación**

Axustarase ao seguinte modelo:

"D/Dª..... con residencia en .....provincia de .....rúa nº .....segundo DNI .....en nome propio (ou da empresa .....á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado ".....")

**AUTORIZA**

Á Administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o considere oportuno.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)"

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

**M) Seguro de Responsabilidade Civil**

Deberá achegarse unha copia do contrato de seguro de responsabilidade civil que a compañía teña subscrito por un importe suficiente que dé cobertura a totalidade dos posibles danos persoais e/ou materiais directos ou indirectos a terceiros ou bens que se poidan causar durante a execución do contrato.

**N) Xustificante de ter constituída garantía definitiva.**

Deberá achegarse xustificante de ter constituída unha garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido. Esta garantía poderá presentarse nalgunha das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

## O) Xustificante de ter aboado os gastos de anuncios.

**20.3.** O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos **cinco días hábiles** seguintes á recepción da documentación.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

**20.4.** A adxudicación será motivada e notificarase aos candidatos.

A notificación deberá conter toda a información necesaria para permitir ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer conforme a lexislación aplicable un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

En particular, expresará os seguintes aspectos:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.
- b) Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas que non se admitiron as súas ofertas.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario que determinasen a selección da súa oferta con preferencia sobre ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación indicarse o prazo en que se debe proceder á súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. Especialmente, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos indicasen ao presentar as súas proposicións. O prazo para considerar rexeitada a notificación será de cinco días.

## 21.- PUBLICACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación, e nos boletíns oficiais se é o caso, indicando como mínimo os mesmos datos mencionados no anuncio de adxudicación, artigo 154 do TRLCSP.

O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo **non mais tarde dos quince días hábiles** seguintes a aquel en que reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151.4. do TRLCSP

Os contratos que celebren as Administracións Públicas deberán formalizarse en documento administrativo que se axustará con exactitude as condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. No obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderán incluírse no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación (artigo 156 do TRLCSP).

Serán de conta do adxudicatario/s, se é o caso, os gastos derivados da formalización do contrato, incluídos os tributos e todos os demais esixibles polas disposicións vixentes ou gastos que orixine a adxudicación. Previamente a formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento destes gastos que orixine a licitación e formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso se esixise.

Si as causas da non formalización fose imputables a Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e prexuízos que a demora lle puidese ocasionar.

O documento de formalización do contrato, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, terá natureza contractual.

## **22.- PRAZO DE GARANTÍA**

Dada as características do contrato non se prevé.

## **23.- RESPONSABLE DO CONTRATO**

Os traballos desenvolveranse baixo a supervisión do mediador de seguros do Concello de Ames, Correduría de Seguros "BVC Artai, S.A. e dos técnicos municipais designados como responsables de contrato.

**23.1.** - De conformidade co artigo 52 do TRLCSP o órgano de contratación poderá designar un **responsable do contrato**, quen supervisará a execución deste comprobando que a súa realización se axusta ó establecido, cursará ó contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación sendo as súas funcións a de dirección, control e coordinación do subministro.

### **23.2.** - Facultades do responsable do contrato.

O responsable do contrato poderá dirixir instrucións ao contratista, inspeccionar e ser informado, cando o solicite, sobre o proceso de execución do contrato.

No caso de que considerase incumplidas as prescricións técnicas do contrato, daranse ao contratista as instrucións precisas e detalladas co fin de remediar as faltas ou defectos observados constando o prazo para emendalas e as observacións que se consideren oportunas.

Se existise unha reclamación do contratista respecto das observacións formuladas polo responsable do contrato, esta remitirase, xunto co seu informe, ao órgano de contratación que resolverá sobre o particular.

Incumbe a Administración, a través do responsable do contrato, exercer de maneira continuada á inspección e vixilancia dos traballos contratados.

Os responsables do contrato poderán así mesmo solicitar informes sobre a realización dos traballos, que deberán entregarse polo adxudicatario no prazo máximo de 5 días naturais a contar dende a súa solicitude.

## **24.- MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO**

Sen prexuízo dos supostos previstos no TRLCSP de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato e prórroga do prazo de execución, o contrato só poderá modificarse salvo nos casos e cos límites establecidos no artigo 105, así como no 219 do TRLCSP e o disposto no presente prego.

Nin o responsable do contrato nin o contratista poderán introducir ou ordenar modificacións no contrato que non estean debidamente autorizadas.

Se a administración acordase a suspensión dos traballos, levantarase a correspondente acta de suspensión na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

No caso de incumprimento contractual e resolución estarase ao establecido na lexislación específica, sen prexuízo do establecido no TRLCSP nos artigos 212 a 215, sobre incumprimento e nos artigos 223 a 225 e 309 de dito texto no relativo a resolución.

Serán causas de resolución, ademais das previstas legalmente ou regulamentariamente, e das contidas neste prego, as seguintes:

- O incumprimento das condicións establecidas nos pregos reguladores do contrato

- A perda de algún requisito legal para ostentar a condición de Compañía de Seguros por sanción administrativa, ou por incorrer nas incompatibilidades ou prohibicións recollidas na Lei.
- A percepción ou abono de comisións, prezos ou sobreprimas distintas das ofertadas ou establecidas nos pregos reguladores do concurso.
- O cambio substancial na estrutura que motivou a adxudicación do contrato ao asegurador.
- A comisión das condutas recollidas como infraccións graves ou moi graves na Lei 30/1995 de 8 de novembro, Ordenación e Supervisión dos seguros privados, o Real Decreto 2486/1998, de 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Ordenación e Supervisión dos seguros privados, e demais disposicións aplicables
- O cese no exercicio da actividade da Compañía Aseguradora

Ademais serán causas de resolución do contrato aquelas que terán lugar nos supostos que se establezan no contrato ou póliza que se subscriba, de conformidade co disposto nos Pregos de Condicións Administrativas e Técnicas.

Será de aplicación en materia de resolución, causas e os seus efectos o Real Decreto 6/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados, a Lei 50/1980, de 8 de outubro de Contrato de Seguro e demais disposicións legais que rexan en materia de seguros, así como o disposto no TRLCSP no que sexa de aplicación e non se opoña á citada normativa.

A resolución do contrato por causas imputables ao contratista, tramitarase a través de un procedemento contradictorio co correspondente trámite de audiencia ao contratista, e conlevará a perda da garantía definitiva, sen prexuízo das indemnizacións que puideran proceder en concepto de danos e perxuízos causados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

## **25.- EXECUCIÓN DO CONTRATO. DEREITOS E OBRIGAS ESENCIAIS.**

Os dereitos, deberes e obrigas que ostentarán o tomador, asegurados, beneficiarios e entidades aseguradoras, serán os contemplados nos documentos contractuais integrados polo presente Prego, o Prego de Condicións Técnicas e a póliza ou contrato que se subscriba con arranxo á oferta seleccionada, así como no Real Decreto 6/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados, a Lei 50/1980, de 8 de outubro de Contrato de Seguro e demais disposicións legais de aplicación en materia de seguros.

O contrato executarase con estrita suxeición ao establecido nos documentos contractuais (prego de condicións administrativas e técnicas e o contrato que se subscriba conforme á proposición seleccionada) e de acordo coas instrucións que se darán ao contratista para a súa interpretación polo órgano de contratación.

O contratista será o responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos desenvolvidos, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

A execución do contrato desenvolverase baixo a dirección, inspección e control da administración contratante, a cal, no exercicio das prerrogativas legalmente conferidas, terá a facultade de ordenar discrecionalmente o servizo contratado e ditar as instrucións oportunas para o fiel cumprimento do convido e asegurar a boa marcha do mesmo.

A administración determinará si a prestación desenvolvida polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento, requirindo, no seu caso, o desenvolvemento das prestacións contratadas e a subsanación dos defectos observados con ocasión da súa recepción. Si os traballos efectuados non se adecúan á prestación

contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, poderá rechazar a mesma quedando exento da obrigación de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

A empresa adxudicataria está obrigada ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, seguridade social e de prevención de riscos laborais. O incumprimento de estas obrigas por parte da empresa adxudicataria ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por él non implicará responsabilidade algunha para a Administración contratante.

O contratista facilitará á Administración, sen ningún custe adicional, cantos servizos profesionais se estimen necesarios para ésta para o correcto desenvolvemento e cumprimento do obxecto do contrato, como asistencia a reunións explicativas, información, etc.

O Concello, como tomador do seguro, está obrigado ao pago das primas nas condicións estipuladas neste prego, e na póliza que se subscriba.

Serán por conta do adxudicatario, ademais de todos aqueles gastos previstos legalmente, os tributos, taxas e gastos ocasionados como consecuencia do presente contrato ou da súa execución, os cales enténdense comprendidos nas proposicións presentadas polos licitadores como en prezo da adxudicación.

A empresa adxudicataria facilitará ao Concello, sin custo adicional algún, os servizos profesionais necesarios para o correcto desenvolvemento e cumprimento do seguro obxecto da presente contratación. En particular, facilitará información detallada dos seguros contratados con suficiente antelación, en particular as súas datas de vencemento e demais circunstancias que poidan afectar ao obxecto do presente contrato.

A estes efectos o asegurador estará obrigado, unha vez que lle sexa comunicado o sinistro, a colaborar coa Administración na tramitación do expediente de responsabilidade que poida incoarse, principalmente no relativo á determinación da relación de causalidade do sinistro, desenvolvemento de labores periciais e valoración de danos.

O Concello deberá, ademais, dar ao asegurador toda clase de informacións sobre as circunstancias e consecuencias do sinistro.

As entidades adxudicatarias están obrigadas a facilitar toda a información que sobre os contratos subscritos, o seu desenvolvemento e sinistros lles sexa solicitada pola Administración ou o mediador no seu nome.

## **26.- RISCO E VENTURA**

A execución do contrato desenvolverase a risco e ventura do contratista (art. 215 TRLCSP)

## **27.- CUMPRIMENTO DOS PRAZOS**

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución previsto no contrato.

Si chegado ao final do traballo, o adxudicatario incorrese en demora, por causa imputable ao mesmo, a Administración poderá optar indistintamente, pola resolución do contrato con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo de 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total

A imposición da penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polo danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

Si se producise atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no 213.2 do TRLCSP.

## **28.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO**

O contrato entenderase cumprido polo adxudicatario cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e no de prescricións técnicas e a satisfacción da Administración.

Se os servizos non se atopan en condicións de ser recibidos, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se a pesar diso, os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao adxudicatario, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obrigaón de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

Poderá desenvolverse a recepción parcial daquelas partes do obxecto do contrato susceptibles de ser executadas por fases e de ser utilizadas de forma separada ou independente

## **29.- CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN DE TRABALLOS.**

- Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes deste contrato sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 226 da TRLCSP.

O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigas que corresponderían ó cedente

- Subcontratación

O contratista no poderá concertar con terceiros o desenvolvemento da prestación deste servizo.

## **30.- CLAUSULA PENAL ESPECIAL**

O adxudicatario estará obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo fixado para o desenvolvemento do mesmo.

No suposto de que o adxudicatario, por causas imputables a él, incorrera en mora respecto do incumprimento dos prazos fixados no presente prego, o Concello de Ames poderá optar pola resolución do contrato sen dereito a indemnización por parte do contratista.

## **31.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO**

Dada a natureza privada do presente contrato (art. 20 do TRLCSP) en canto aos efectos e extinción do mesmo estarase ao establecido no presente prego de cláusulas e a normativa de dereito privado que lle sexa de aplicación.

## **32.- PAGAMENTO**

O Asegurador deberá remitir ao Tomador a factura requirindo o pago da mesma, cunha antelación mínima de un mes a data de efecto do recibo, informando paralelamente ao Mediador.

Na factura que se presente a prima neta deberá desglosarse o custo por colectivos, figurando ademais os seguintes datos: nº de póliza, prima total neta, impostos e recargos de aplicación, data de efecto e vencemento do recibo.

No suposto de tratarse dunha nova contratación e de non poder observarse o prazo mínimo de un mes, en todo caso o documento será remitido ao Mediador con anterioridade á data de efecto da póliza.

A prima pagarase de forma anual.

O Tomador do seguro pagará a prima conforme ao establecido no artigo 216 do TRLCSP, mediante recibo estendido pola compañía adxudicataria. .

Ditas facturas deberán contemplar o importe da prestación, I.V.E. exento. A factura reunirá os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

### **33.- PERSOAL**

O adxudicatario disporá do persoal necesario para a execución do contrato.

O persoal da empresa adxudicataria en ningún caso poderá considerarse con relación laboral contractual, funcionarial ou de natureza análoga respecto ao Concello.

### **34.- FISCALIDADE, PROTECCIÓN DO EMPREGO E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**

O contratista deberá observar as obrigas relativas á fiscalidade, á protección do medio, e ás disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais.

### **35.- RESPONSABILIDADE. DANOS**

**35.1.** - O contrato executarase con sometemento ao establecido no seu clausurado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica do servizo prestado, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

**35.2.** - Deberá achegarse unha copia do contrato de seguro de responsabilidade civil que a compañía teña subscrita por un importe suficiente que de cobertura a totalidade dos posibles danos persoais e/ou materiais directos ou indirectos a terceiros ou bens que se poidan causar durante a execución do contrato. A formalización do devandito seguro será esixida con carácter previo á sinatura do contrato.

Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, pola súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

Os terceiros poderán requirir previamente, dentro de ano seguinte á produción do feito, ó órgano de contratación para que este, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición da acción.

Así mesmo, o contratista responderá civil e, no seu caso, penalmente dos danos causados á Administración contratante ou a terceiros como consecuencia da mala execución do contrato.

En todo caso, para a determinación das responsabilidades e posibles indemnizacións estarase ao disposto no artigo 214 da TRLCSP.

### **36.- FACULTADE DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN**



Corresponde aos técnicos municipais a facultade de inspeccionar e vixiar o correcto cumprimento do contrato.

Así mesmo os ditos técnicos poderán dirixir instrucións ao contratista a través do responsable do contrato para o axeitado cumprimento do mesmo.

### **37.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN**

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o cumprimento
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso se dará audiencia ó contratista, debendo seguirse os trámites previstos no artigo 211 do TRLCSP.

### **38.- CUSTODIA E CONSERVACIÓN**

O contratista deberá responder da custodia e conservación dos traballos encargados, non permitíndose a entrega nin información a terceiras persoas, se non é coa expresa autorización do director, ou, de ser o caso, do órgano de contratación.

### **39.- CONFIDENCIALIDADE**

A empresa adxudicataria e o persoal que interveña na execución deste contrato deberán de cumprir co deber de segredo e confidencialidade sobre os datos ou informacións dos que teñan coñecemento durante a execución do contrato e por estritas necesidades desta (Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal).

O contratista comprométese a non dar información nin datos proporcionados polo Concello de Ames para calquera uso non previsto no presente prego.

En particular, non lles proporcionará, sen autorización expresa do Concello de Ames, copia dos documentos elaborados ou datos a terceiras persoas, agás que fosen sometidos tamén a acordos de confidencialidade.

Todos os datos manexados polo contratista derivados da prestación contratada, incluíndo os soportes empregados (papel, fichas, disquetes, fitas, CD etc.) serán propiedade do Concello de Ames, sen que o contratista poida conservar unha copia ou empregalos con finalidade distinta á que figura no contrato.

A empresa adxudicataria e o persoal que interveña na execución deste contrato deberá cumprir co deber de segredo ou confidencialidade sobre os datos ou informacións dos que teñan coñecemento durante a súa execución, estando obrigados a non facer públicos ou allear cantos datos coñezan como consecuencia ou con ocasión da súa execución, mesmo despois de finalizar o prazo contractual (art. 12 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro). Igualmente, serán de aplicación as disposicións de desenvolvemento da norma anterior que se atopen en vigor na data de adxudicación deste contrato ou que poidan estar durante a súa vixencia. Para os efectos do cumprimento do recollido no inicio deste parágrafo, o contratista comprométese explicitamente a formar e a informar o seu persoal das obrigas que dimanán do establecido nestas normas.

### **40.- PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.**

Cando o contratista por causas imputables ó mesmo, incorrese en demora respecto ó cumprimento na prestación do servizo, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de

0,20 por cada 1.000 euros do prezo do contrato, que se establecen no artigo 212 do TRLCSP e que se imporán de acordo tamén co establecido neste artigo.

#### **41.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.**

A garantía definitiva non se devolverá ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato, ou ata que se declara a resolución do mesmo sen culpa do contratista.

O acordo de devolución deberá adoptarse e notificarse ó interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía. O Servizo correspondente emitirá un informe sobre a procedencia da devolución de mesma. No suposto de que o informe fose favorable, procederase á devolución da fianza. No suposto de que fora desfavorable, daranse as ordes oportunas ó contratista para que proceda á subsanación dos defectos, e no caso de que non o fixera, iniciárase a tramitación da Resolución do contrato por incumprimento do contratista.

#### **42.- NORMATIVA APLICABLE E XURISDICCIÓN**

O presente contrato ten natureza privada e rexerese polas cláusulas contidas no presente prego e no prego de prescricións técnicas

Os pregos citados teñen carácter contractual, e para todo o non previsto neles aplicarase o disposto na lexislación vixente en materia de contratación administrativa.

A normativa aplicable ao procedemento de formación e de aprobación do expediente, á licitación, adxudicación, formalización e execución deste contrato , ademais das súas prescricións, será a seguinte:

- O Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de Contratos do Sector Público
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP)
- A Lei estatal 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e as disposicións que a desenvolvan, modifiquen ou afecten; así como a normativa autonómica de desenvolvemento que, no marco que fixa aquela, estea en vigor.
- A Lei estatal 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), as disposicións que a desenvolvan, modifiquen ou afecten, así como a normativa autonómica que se aprobe no marco que establece aquela.
- Lei 50/1980, de 8 de outubro, de Contrato de Seguro
- Lei 26/2006, de 17 de xullo, de Mediación de Seguros e Reaseguros Privados.
- Real Decreto 996/2000, de 2 de xuño, de Modificación dos regulamentos de Ordenación do Seguro Privado e Entidades de Previsión Social.
- Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Ordenación e Supervisión dos seguros privados
- Lei 34/2003, de 4 de novembro, de Modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados.
- Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión de Seguros Privados, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro.
- Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares e a normativa sectorial específica á que estes se remitan por razón da materia en cada caso.
- Os acordos e as resolucións sobre o réxime de atribución de competencias, as bases de execución do orzamento municipal e as ordenanzas e os regulamentos da corporación
- Regulamentos, ordenanzas e demais disposicións xerais aplicables ao servizo aprobadas polo Concello de Ames.

En todo o que non prevén as anteriores normas, serán aplicables o resto de normas de Dereito Administrativo e, en último termo, as de Dereito Privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato, serán resoltas polo órgano de contratación, e os seus acordos poñerán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo, segundo ó disposto na lei reguladora da devandita xurisdición, previa interposición, no seu caso, do recurso de reposición ou de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

**ANEXO I**  
**CADRO DE CARACTERISTICAS DO CONTRATO**

<b>1.- Obxecto:</b>	Contratación mediante procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente do contrato de “Seguros de Accidentes Colectivos do Concello de Ames”
<b>2.- Orzamento de licitación e criterios avaliados de forma automática.</b>	<p>Tendo en conta que a duración do contrato é de <b>DOUS ANOS</b>, podendo prorrogarse de maneira expresa por períodos anuais ata un máximo de <b>CATRO ANOS</b> (incluído período inicial e prorrogas) o valor total do contrato ascende á contía de <b>36.000 euros</b>, representando este o límite máximo a que poderá ascender, ao longo da súa vida o gasto derivado do contrato para o concello, sen prexuízo das revisións de prezo á que haxa lugar.</p> <p>O financiamento deste contrato levarase a cabo con cargo as aplicacións orzamentarias que se reflicten na cláusula 6 e 7 deste prego de cláusulas administrativas particulares, quedando condicionado o gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato.</p> <p>Este prezo engloba o importe total dos servizos que nel enténdense incluídos todos os gastos que o adxudicatario deba realizar para o normal desenvolvemento das prestacións contratadas de acordo cos pregos.</p> <p>Os prezos ofertados polos licitadores serán a baixa e non poderán, en ningún momento, exceder do importe do presuposto base de licitación.</p>
<b>3.- Duración do Contrato</b>	O prazo de duración do presente contrato establecece en <b>DOUS ANOS</b> , podendo prorrogarse de maneira expresa por períodos anuais ata un máximo de <b>CATRO ANOS</b> , (incluído período inicial e prorrogas) de conformidade co estipulado no artigo 22 da Lei 50/1980.
<b>4.- Revisión de prezos</b>	Axustarase ao establecido na cláusula 8 do presente prego de cláusulas administrativas Particulares
<b>5.- Lugar de presentación de proposicións</b>	No Rexistro Xeral do Concello de Ames, con domicilio na Praza do Concello s/n. Bertamiráns 15.200 AMES (A CORUÑA) Teléfono: 981883002, no prazo de <b>oito días naturais</b> que empezarán a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP da Coruña para que oferte, en horario de nove a catorce horas e en tres sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou pola persoa que o represente e coa documentación e requisitos dos presentes pregos.
<b>6.- Criterios de Adxudicación:</b>	Ver cláusula 19.6 do presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
<b>7.- Garantía provisional:</b>	Non se esixe.
<b>8.- Garantía definitiva</b>	O candidato que presente a oferta economicamente máis vantaxosa deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido segundo o establecido no artigo 95 do TRLCSP, que presentará por calquera das formas establecidas no artigo 96 do citado texto
<b>9.- Mesa de contratación:</b>	A composición da mesa de contratación será designada polo órgano de contratación, artigo 21 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio.
<b>10.- Prazo de garantía</b>	Dada as características do contrato non se prevé.

## ANEXO II.- Documento a incorporar en Sobre A

### *Modelo declaración responsable para licitar:*

"D/D<sup>a</sup>..... con DNI ..... e domicilio en ..... actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado "....." (ou actuando en nome propio).

#### **DECLARA:**

1. Que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración
2. Que en relación co expediente ..... cumpre cos requisitos de solvencia esixidos nos pregos
3. Que se compromete a acreditar documentalmente ante o Órgano de Contratación, no caso de ser requirido para elo, todos e cada un dos extremos requiridos pola Lei e nos pregos, con anterioridade á adxudicación, e no prazo conferido ao efecto.

*E para que así conste e surta efectos ante o órgano de contratación do concello de Ames, e en cumprimento do disposto no artigo 146.4 do TRLCSP*

*(Lugar, data e sinatura do proponente)*

### ANEXO III

#### MODELO DE PROPOSICIÓN TÉCNICA

Don/Dña.....con DNI nº.....en representación da empresa.....con CIF..... actuando en nome propio/con poder suficiente para formalizar o presente documento conforme se acredita no correspondente poder notarial:

Solicita tomar parte no procedemento para a adxudicación do contrato privado “Seguros de Accidentes Colectivos” do Concello de Ames.

DECLARA coñecer e aceptar na súa integridade os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen a contratación, achegando a documentación exixida.

#### FORMULA a seguinte PROPOSICIÓN TÉCNICA:

1) Melloras propostas para:

Seguro A) Seguro Colectivo de Accidentes para o persoal laboral e funcionario do Concello, Alcalde e Concelleiros;

Seguro B) Seguro Colectivo de Accidentes de Convenio para os empregados de Centros de Asistencia e Educación Infantil (BOE 136 de 07/06/2007) mais Seguro Complementario Accidentes Persoal Centros de Asistencia e Educación Infantil de titularidade municipal (Aumento de límites para asimilalos ao resto de funcionarios).

Cobertura de Licitación	Límite de Licitación	Mellora Proposta sobre o límite solicitado
Falecemento por accidente laboral	39.000.-euros	
Inv. Perm. Absoluta por accidente laboral	39.000.-euros	
Inv. Perm. Total por accidente laboral	39.000.-euros	
Inv. Perm. Parcial por accidente hasta laboral	39.000.-euros	
Asistencia médica en centros de libre elección	Limitada ata 1.500.- euros	
Extensión de cobertura a la vida privada	marcar a que non procede	Incluida / Non incluída

2) Melloras propostas ao Seguro Colectivo de Accidentes para os nenos/a de escolas infantís de titularidade municipal e Voluntarios.

Cobertura de Licitación	Límite de Licitación	Mellora Proposta sobre o límite solicitado
Invalidez Permanente por accidente laboral/actividades (incluídas parciais en base a baremo)	6.000.-euros	
Asistencia médica en centros de libre elección	Limitada ata 1.500 euros	

En .....a.....de.....de 2015

## ANEXO IV

### MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Don/ Dña.....con DNI nº.....en representación da empresa..... con CIF.....actuando en nome propio/con poder suficiente para formalizar o presente documento,

Solicita tomar parte no procedemento para a adjudicación do contrato privado “Seguros de Accidentes Colectivos” do Concello de Ames.

DECLARA coñecer e aceptar na súa integridade os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen a contratación, achegando a documentación exixida nos correspondentes sobres.

#### E FORMULA a seguinte OFERTA ECONÓMICA:

Que se compromete a prestar o servizo indicado por un prezo de:

<b>Importe anual:</b>	_____ euros <i>(deberá indicarse ademais o importe en letra)</i>
-----------------------	---

que inclúe todo tipo de impostos, taxas, recargos aplicables incluso o Consorcio de Compensación de Seguros que deban desenvolverse para o cumprimento do contrato.

En ....., a.....de .....de 2015